
Modelos de Participación

Rematadas a primeiras roldas de Asembleas de Comité pola Negociación do Convenio, dende a CIG queremos reiterar unha vez mais, tal e como fixemos en todas as Asembleas, a importancia da participación dos traballadores no proceso, para que teñamos posibilidades de acadar un bo acordo.

Unha Asemblea debe servir para o debate, para o contraste de ideas e para a formación de opinións colectivas. Nos tempos que corren, coa intención descarada por parte da empresa de torpedear a defensa colectiva dos traballadores a través das modificacións que nos propón na Mesa de Negociación, debemos facer uso dunha ferramenta tan potente como son as Asembleas.

Debemos loitar todos e cada un de nós pola participación directa no proceso, esixindo **referendar o texto** antes de que sexa asinado por ningunha forza sindical, debemos fomentar a análise e a crítica, e trasladar as nosas opinións e preocupacións aos que nos representan.

O **Modelo de Participación** que propón a CIG non pasa por adoptar posturas pasivas e submisas por parte dos traballadores, limitándonos a escoitar o que algunhas forzas sindicais nos ofrecen cando actúan como transmisores da mensaxe da empresa ou como simples repetidores dos comunicados emitidos. A Asemblea debe ser un órgano vivo, con forza e ilusión, e debe servir para que o contraste de ideas nos conciencie da situación na que estamos.

Tamén rexeitamos modelos que pasan polas visitas de algún iluminado de Madrid que nos ven a trasladar a súa visión, tantas veces afastada da realidade, sen escoitar nin interesarse por nada do que aquí se fala. Non nos equivoquemos, a forza está en todos e cada un de nós cando somos capaces de actuar de xeito colectivo, non solucionarán os problemas aqueles que levan anos e anos liberados e que teñen unha mentalidade mais próxima á da empresa que á dos seus compañeiros.

Non nos cansaremos de repetir: **Loita por participar no proceso**. O xeito en que se celebraron algunhas Asembleas moi participativas fainos ter ilusión, semella que entendemos tanto o perigo que este proceso pode traer como a forza da que podemos dispoñer.

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.

Non te limites a escoitar, faite oír.

A Coruña 11 de abril de 2008